

COMENTARIO DE TEXTO NARRATIVO. 1º TERZO DO SÉCULO XX. O GRUPO NÓS.

Na posguerra, D. Celidonio, ascendeu de porco a marrán e chegou a Alcalde. A parenta inflou como o fol dunha gaita. Agora é presidente da Xuntanza Cidadá e Outras Sociedades. Fixeron casa nova e teñen outro automóbil. Aínda podían ter máis (...)

Don Celidonio é gordo e artrítico. O carrolo sáelle para fóra; na calva ten unha que outra serda; ten as fazulas hipertrofiadas, da cor do magro do xamón, e tan lustrosas, que semella que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánselle un pouco para baixo. O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no vrao súdao en regueiros aceitosos e en pingotas bastas, coma as que deitan os chourizos cando están no fumeiro. Así como é graxento o corpo, tamén o miolo de D. Celidonio. Se lle escachasen a testa, que tiña que ser con pau-ferro e picaraña, en lugar dunha sesada había topar un unto. Corpo e alma, tanto ten, todo é graxa e manteiga. D. Celidonio é igual por dentro ca por fóra: carne e espírito son a mesma zorza, mesturada e revolta, co mesmo adubo de ourego e pemento.

Vicente Risco, *O porco de pé*, 1928.



Chámanlle a “Marquesiña” e os seus peñños endexamáis se calzaron.

Vai á fonte, depelica patacas e chámanlle a “Marquesiña”.

Non foi á escola por non ter chabrea que pór, e chámanlle a “Marquesiña”.

Non probou máis lambetadas que unha pedra de zucre, e chámanlle a “Marquesiña”.

A súa nai é tan probe que traballa de xornaleira na casa do Marqués.

¡E aínda lle chaman a “Marquesiña”!

Tiña eu once anos cando meu pai, que estaba na Arxentina, nos chamou cabo de si; e alá fomos embarcados, a miña nai e mais eu, nun paquebote alemán. E axiña de arribar a Buenos Aires pillamos un tren que corría moito e logo outro tren que corría pouco e despois un coche de cabalos que nos levou a tombos polo deserto da pampa. Naquela soidade plantara meu pai unha casa para facerse rico, cavilando sempre nos eidos nativos, e era forza pechar os ollos ao circio traballo en espera do retorno feliz. A nosa casa era o centro comercial de dez leguas á redonda. Alí vendiamos de todo e alí mercabamos canto producía o país: la, coiros e plumas. O mostrador do comercio estaba defendido con reixas de ferro, porque na nosa casa - portelo obrigado de moitos vieiros- paraban decotío gauchos bravos, afeitos a embebedarse para aldraxarnos co coitelo na man. [...] Namentres vivimos naquel deserto, miña nai non se decatou de que calquera de nós podía morrer alí e podía ser soterrado coma un can. E eu souben gardar o segredo.

Castelao, A.D.R. (1934). “O segredo”, *Retrincos*. Ed. Nós